



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BRIÓN

*Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e nomeamento de tribunal de selección para a praza de arquitecto/a incluída na OEP de 2022.*

### EDICTO

Por esta alcaldía con data 15 de novembro de 2023, ditouse a seguinte resolución:

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo para a provisión dunha praza en propiedade de funcionario de carreira, pertencente ao grupo A, subgrupo A1, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, baixo a denominación de arquitecto/a, mediante o sistema de concurso-oposición, de conformidade co disposto na base 5 das bases reguladoras da convocatoria publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia do 13.04.2023, en extracto no Diario Oficial de Galicia do 30.05.2023, no Boletín Oficial do Estado do 09.06.2023, e no taboleiro de edictos e páxina web do concello, ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Aprobar a seguinte lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

### Relación definitiva de persoas admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
LUEIRO GARCÍA, MARÍA	***7719**
SILVA SEOANE, CAYETANA	***1622**
REGUERA SEOANE, MIGUEL	***1889**
BARRAL RODRÍGUEZ, GEMA	***9346**
SOUTO DOMÍNGUEZ, FÁTIMA	***6016**
MARCIEL CALAZA, FRANCISCO	***3690**
PEREIRA DA SILVA, AMELIA ROSALÍA	***4310**
BÓVEDA CASADO, CARLOS	***2121**
FAYA MARTÍNEZ, FERNANDO	***1426**
ARIAS CARRIBA, MÓNICA	***4960**
QUEIRO ARIAS, ÁLVARO	***2541**
GONZÁLEZ BLANCO, MARÍA ISABEL	***1860**
FERNÁNDEZ ABAD, INÉS	***3807**
TARRÍO VILÁ, DIEGO	***7602**
MAGDALENA NOGUEIRA, JOSÉ	***5988**
CORES BARRAL, PAULA	***7229**
LÓPEZ CARREIRA, PATRICIA	***2271**
FERNÁNDEZ CONSTENLA, LUCÍA	***8147**
COUCEIRO LÓPEZ, XOSÉ MANUEL	***1239**
HERVELLA GÓMEZ, JOSÉ RAMÓN	***7725**

Relación definitiva de persoas excluídas: Ningunha.

2º) Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:

Titular: José Alberto Iglesias Fungueiriño, arquitecto do Concello de Brión.

Suplente: Manuel Suárez Bermúdez, arquitecto do Concello de Oroso.

VOGAIS:

Titular 1: Ana Isabel Candame Areosa, interventora do Concello de Brión.

Titular 2: Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo.

Titular 3: Mónica Neira Mato, arquitecta do Concello da Estrada.

Suplente 1: Javier García Castelo, arquitecto do Concello de Santiago de Compostela.

Suplente 2: Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames.

Suplente 3: Elsa González Villarino, arquitecta do Concello de Porto do Son.

SECRETARIO/A:

Titular: Javier Nieves González, secretario do Concello de Brión.

Suplente: Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames.

3º) Fixar o vindeiro **día 29 de novembro de 2023 ás 9:00 horas** como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador (constitución) e para comezar o proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para a presente praza. O Tribunal reunirase no salón de plenos da Casa do Concello de Brión.

4º) De conformidade coas bases que rexen o procedemento, publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

5º) Contra a presente resolución, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, en ámbolos dous casos, o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Brión, 15 de novembro de 2023

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2023/9114